



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO, PARA O MANTEMENTO DA LIÑA 900

1.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións Públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro.

2.- **Antecedentes:** A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no marco das súas competencias en materia de políticas preventivas, quere colaborar na promoción de accións que, na loita contra as drogodependencias, teñan un carácter preventivo e/ou disuasorio, desenvolvendo actividades con institucións encamiñadas a potenciar a prevención, asistencia, rehabilitación, reinserción, formación ou investigación na materia.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados asinouse coa Fundación Galega contra o Narcotráfico o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de abril de 2016 ata o 30 de decembro de 2016.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, en actuacións preventivas de loita contra o Narcotráfico, a través da liña 900 de atención ao público, e elaboración de estatísticas e a realización de seminarios e xornadas divulgativas dos efectos negativos das drogas.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Galega contra o Narcotráfico queren facer posible a continuidade no funcionamento do servizo de asistencia





telefónica liña 900 de prevención na loita contra o narcotráfico e seguir desenvolvendo todas aquelas actividades encamiñadas a denunciar e erradicar esa lacra social.

Así mesmo faise constar que, segundo o establecido no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non son de aplicación neste convenio os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Fundación Galega contra o Narcotráfico é a única fundación que realiza na súa zona de influencia actividades preventivas de loita contra o narcotráfico, a través do mantemento da liña 900 de atención ao público.

6.- A actividade financiarase co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2016 e na cantidade de DEZASETE MIL EUROS (17.000,00€).

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016

A secretaría xeral técnica

Beatriz Cuña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, para o mantemento da liña 900*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 11 de abril de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

